



INSTITUTO GALEGO DE
ESTADÍSTICA

INFORME SOBRE OS INDICADORES DE ACTIVIDADE DO SECTOR SERVIZOS


Agosto 2015

Santiago de Compostela, 20 de outubro de 2015

Instituto Galego de Estatística
Complexo Administrativo San Lázaro s/n
15703 Santiago de Compostela (A Coruña)
Contacto: <http://www.ige.eu/web/peticioninfo.jsp?>
Teléfono información: 981.54.15.89 (de 9:00 a 14:00 horas)
FAX: 981.54.13.23
Páxina Web : <http://www.ige.eu>

Indicador de actividade do sector servizos. Agosto 2015


- O indicador de actividade no sector servizos rexistra no mes de agosto en Galicia un aumento do 4,9% respecto ao mesmo mes do ano anterior, 0,5 puntos menos que no mes de xullo. A nivel nacional, a cifra de negocios no sector servizos aumenta o 4,6%, 1,4 puntos menos que no mes anterior.
- O Comercio aumenta a súa facturación o 4,7% e os Outros servizos o 5,6%.
- O persoal ocupado no sector servizos aumenta en Galicia un 1,1% e en España un 2,0% respecto ao mesmo mes do ano anterior.
- Todas as comunidades autónomas aumentan a súa cifra de negocios no mes de agosto.
- En todas as comunidades crece a ocupación. Galicia é a cuarta comunidade con menor incremento do emprego.



1. Cifra de negocios

1.1 Índice xeral e por sectores de actividade

O indicador de actividade no sector servizos rexistra no mes de agosto en Galicia un crecemento do 4,9% respecto ao mesmo mes do ano anterior, cinco décimas menos que no mes de xullo. O índice para España amosa un aumento do 4,6% respecto ao mes de agosto de 2014, 1,4 puntos inferior á taxa de variación rexistrada no mes anterior.



O *Comercio* en Galicia incrementa a súa facturación un 4,7% e achega 3,8 puntos a taxa de variación do índice xeral; os *Outros servizos* aumentan un 5,6% e achegan 1,1 puntos. En España o *Comercio* crece un 4,4% e os *Outros servizos* un 5,1%.

O *Comercio por xunto* é o sector que maior repercusión positiva teñen no índice xeral, 3,2 puntos, cun crecemento do 6,1%. En España este sector crece o 4,1% co que achega 1,5 puntos á taxa de variación do índice xeral.

A *Venta e reparación de vehículos de motor* e a *Hostalería* son os outros sectores que máis achegan ao crecemento do índice xeral, cinco décimas cada un. A *Venta e reparación de vehículos de motor* aumenta a súa facturación o 14,3%, cinco puntos menos que en España (19,3%) e máis de once puntos menos que no mes anterior. A *Hostalería* crece un 11,3%, case seis puntos máis que no conxunto do Estado (5,4%) e leva catro meses consecutivos con taxas superiores ao 11%.

No que vai de ano, a cifra de negocios aumenta un 4,2% en Galicia, debido principalmente ao *Comercio por xunto* que, cun aumento do 4,6%, achega 2,3 puntos á taxa de variación acumulada. Todos os sectores rexistran crecementsos positivos no conxunto do ano.

En España a cifra de negocios aumenta seis décimas máis que en Galicia, 4,8%. Tamén todos os sectores amosan taxas acumuladas positivas.

1.2 Índice de cifra de negocios ponderando por VEB

Utilizando como ponderación o VEB en lugar da cifra de negocios, o índice aumenta o 6,2% no mes de agosto. Este incremento débese á *Hostalería*, que aumenta o 11,0% e achega 3,5 puntos á taxa de variación do índice xeral. O *Comercio*, cun incremento do 2,7%, achega 1,1 puntos á taxa do índice xeral.


No conxunto do ano, o índice aumenta un 5,0%. Todos os sectores rexistran taxas positivas agás as *Actividades profesionais, científicas e técnicas* (-0,8%). As *Actividades administrativas e servizos auxiliares* rexistran o maior crecemento (12,0%).

1.3. Datos corrixidos de calendario

O efecto calendario determina as diferenzas que se producen nunha variable pola diferente estrutura que teñen os meses (tanto en número de días como na composición de días laborables e festivos).

Se se elimina este efecto, o índice ponderado por cifra de negocios aumenta o 4,9% respecto ao mesmo mes do ano anterior e o índice ponderado por VEB o 6,2%.

O seguinte gráfico amosa a evolución do indicador de actividade do sector servizos corrixido de calendario segundo o método de ponderación.



1.4 Indicadores por comunidades autónomas

No mes de agosto todas comunidades autónomas aumentan a súa cifra de negocios.


Os maiores aumentos danse en Illes Balears (8,0%) e Comunitat Valenciana (7,4%).

As comunidades nas que menos crece a facturación son Castilla y León (2,3%), Aragón (3,1%) e Madrid (3,2%).

No conxunto do ano, Illes Balears, Cataluña e Comunitat Valenciana son as comunidades onde máis se incrementa a facturación no sector servizos, con taxas superiores ao 6%. Aragón, Canarias e Castilla y León son as comunidades con menores incrementos, con taxas inferiores ao 3%.

Índices de cifra de negocios. Agosto 2015

Taxa de variación en %




2. Persoal ocupado

2.1 Índice xeral e por sectores de actividade

O persoal ocupado aumenta en Galicia un 1,1% respecto ao mes de agosto de 2014, nove décimas menos que en España (2,0%).

O incremento do persoal ocupado débese principalmente ás *Actividades administrativas e servizos auxiliares*, que cun crecemento do 5,3% achegan sete décimas á taxa de variación do índice xeral, e á *Hostalería*, que aumenta o seu persoal o 3,5%, co que achega cinco décimas á taxa de variación do índice xeral.

En senso contrario, o *Comercio por xunto* (o sector que máis repercute no crecemento da cifra de negocios) perde o 3,6% dos ocupados e resta cinco décimas á taxa interanual. O sector de *Venta e reparación de vehículos de motor* tamén perde persoal no mes de agosto, -2,0%.



En España, o persoal ocupado aumenta en todos os sectores. O maior incremento dáse nas *Actividades administrativas e servizos auxiliares* (4,0%).

No acumulado do ano, o emprego crece en Galicia nove décimas menos que en España, 1,1% fronte a 2,0%.

O *Comercio por xunto* é o sector que peor comportamento rexistra no que vai de ano, cunha diminución do persoal ocupado do 4,1%. A *Venta e reparación de vehículos de motor* tamén perde persoal no que vai de ano, -0,7%. En senso contrario, o sector que mellor comportamento

presenta neste ano é *Actividades administrativas e servizos auxiliares*, cun incremento na ocupación do 5,0%.

En España, todos os sectores incrementan o emprego no que vai de ano. As *Actividades administrativas e servizos auxiliares* rexistran o maior crecemento (5,0%).

2.2. Indicadores de ocupación por comunidades autónomas


Todas as comunidades autónomas aumentan o emprego no sector servizos no mes de agosto. Os maiores incrementos danse en Murcia (3,9%) e La Rioja (3,8%).

Castilla-La Mancha (0,7%) e Castilla y León (0,9%) son as comunidades onde menos crece a ocupación.

No conxunto do ano, La Rioja (3,7%) e Murcia (3,4%) son as comunidades onde máis se incrementa o emprego, mentres que Castilla y León (0,8%), Asturias (0,9%) e Galicia (1,1%) son as comunidades con menores incrementos.

Índices de persoal ocupado. Agosto 2015

Taxas de variación en %



Notas metodolóxicas

Cifra de negocios: comprende os importes facturados pola empresa pola prestación de servizos e venta de bens que son obxecto do tráfico da empresa, incluídos os realizados por subcontratación. Contabilízanse incluíndo os impostos que gravan os bens e servizos coa excepción do IVE repercutido ao cliente.

Persoal ocupado: É o número total de persoas que traballan na empresa; inclúe o persoal remunerado, persoal que non percibe unha remuneración fixa ou salario (propietarios que traballan na empresa e axudas familiares), persoal facilitado polas empresas de traballo temporal y traballadores autónomos dependentes con contrato non laboral.

Valor engadido bruto: Para cada unidade dedicada a unha actividade produtiva, é a diferenza entre a produción e os consumos intermedios. Valórase a prezos básicos, que son os prezos que os produtores reciben dos compradores restando calquera imposto que se pague e sumando calquera subvención que se reciba.

Os indicadores constrúense a partir dos microdatos dos Indicadores de actividade do sector servizos subministrados polo INE.

Os índices son provisionais polo que poden modificarse nos meses seguintes.

Anexo cadros

Cadro 1. Índices de cifra de negocios. Agosto 2015

	ÍNDICE	VARIACIÓN (%)	
		INTERANUAL	NO QUE VAI DE ANO
Galicia			
Xeral	105,2	4,9	4,2
Comercio	107,7	4,7	3,8
Venta e reparación de vehículos de motor	86,6	14,3	6,9
Comercio por xunto	115,9	6,1	4,6
Comercio ao retalho	98,2	0,3	1,4
Outros servizos	95,8	5,6	5,4
Transporte	100,3	0,2	2,9
Hostalería	122,6	11,3	9,7
Información e comunicacións	76,6	2,1	1,1
Actividades profesionais, científicas e técnicas	68,8	9,6	6,2
Actividades administrativas e servizos auxiliares	113,6	13,5	13,1
España			
Xeral	91,0	4,6	4,8
Comercio	87,7	4,4	5,0
Venta e reparación de vehículos de motor	74,4	19,3	20,0
Comercio por xunto	87,9	4,1	4,7
Comercio ao retalho	91,2	1,5	1,5
Outros servizos	96,9	5,1	4,4
Transporte	101,6	3,5	4,5
Hostalería	137,5	5,4	4,6
Información e comunicacións	79,4	5,3	2,4
Actividades profesionais, científicas e técnicas	66,9	3,9	4,3
Actividades administrativas e servizos auxiliares	120,0	8,8	7,2

Fonte: IGE. Elaboración propia a partir dos datos subministrados polo INE

Cadro 2.- Índices de cifra de negocios ponderada por VEB. Agosto 2015

	ÍNDICE	VARIACIÓN (%)	
		INTERANUAL	NO QUE VAI DE ANO
Galicia			
Xeral	103,7	6,2	5,0
Comercio	101,3	2,7	3,4
Transporte	102,0	0,8	4,2
Hostalería	125,2	11,0	9,5
Información e comunicacións	75,9	2,6	1,9
Actividades profesionais, científicas e técnicas	80,4	7,4	-0,8
Actividades administrativas e servizos auxiliares	101,7	10,4	12,0

Fonte: IGE. Elaboración propia a partir dos datos subministrados polo INE

**Cadro 3. Índices de cifra de negocios por comunidades autónomas.
Agosto 2015**

	ÍNDICE	VARIACIONES (%)	
		INTERANUAL	NO QUE VAI DE AÑO
España	91,0	4,6	4,8
Andalucía	93,0	4,9	4,2
Aragón	90,7	3,1	2,1
Asturias	92,2	3,5	3,0
Balears, Illes	164,7	8,0	7,1
Canarias	111,6	3,3	2,6
Cantabria	103,0	5,9	4,2
Castilla y León	97,0	2,3	2,6
Castilla-La Mancha	87,3	3,3	3,9
Cataluña	88,2	5,8	6,4
Comunitat Valenciana	93,6	7,4	6,4
Extremadura	95,0	6,3	5,3
Galicia	105,2	4,9	4,2
Madrid	80,9	3,2	4,5
Murcia	92,4	4,5	4,4
Navarra	86,4	3,4	3,5
País Vasco	78,1	3,8	4,0
Rioja, La	98,1	6,2	5,8

Fonte: INE

Cadro 4. Índices de persoal ocupado. Agosto 2015

	ÍNDICE	VARIACIÓN (%)	
		INTERANUAL	NO QUE VAI DE ANO
Galicia			
Xeral	96,4	1,1	1,1
Comercio	93,5	-1,0	-0,9
Venta e reparación de vehículos de motor	83,9	-2,0	-0,7
Comercio por xunto	88,4	-3,6	-4,1
Comercio ao retalho	98,4	0,6	0,8
Outros servizos	98,9	2,9	2,7
Transporte	96,0	0,2	1,2
Hostalería	95,7	3,5	2,6
Información e comunicacións	85,6	0,8	-0,2
Actividades profesionais, científicas e técnicas	100,7	2,9	2,8
Actividades administrativas e servizos auxiliares	108,0	5,3	5,0
España			
Xeral	99,2	2,0	2,0
Comercio	97,1	1,7	1,4
Venta e reparación de vehículos de motor	89,9	1,7	1,7
Comercio por xunto	97,3	2,6	2,0
Comercio ao retalho	98,3	1,1	0,9
Outros servizos	100,5	2,2	2,4
Transporte	97,4	1,8	1,8
Hostalería	105,9	1,8	1,3
Información e comunicacións	95,9	2,7	2,2
Actividades profesionais, científicas e técnicas	95,6	1,0	1,6
Actividades administrativas e servizos auxiliares	102,7	4,0	5,0

Fonte: IGE. Elaboración propia a partir dos datos subministrados polo INE

**Cadro 5. Índices de persoal ocupado por comunidades autónomas.
Agosto 2015**

	ÍNDICE	VARIACIONES (%)	
		INTERANUAL	NO QUE VAI DE AÑO
España	99,2	2,0	2,0
Andalucía	97,7	1,6	1,6
Aragón	96,2	1,1	1,6
Asturias	94,2	1,1	0,9
Balears, Illes	124,8	3,0	2,5
Canarias	99,8	2,4	1,6
Cantabria	101,9	1,2	1,4
Castilla y León	95,7	0,9	0,8
Castilla-La Mancha	98,5	0,7	1,8
Cataluña	103,0	2,7	3,0
Comunitat Valenciana	96,7	3,4	2,1
Extremadura	102,3	3,3	2,6
Galicia	96,4	1,1	1,1
Madrid	96,1	1,3	1,5
Murcia	100,7	3,9	3,4
Navarra	100,7	2,1	3,0
País Vasco	100,2	1,5	2,2
Rioja, La	102,0	3,8	3,7

Fonte: INE